CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira assertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Coñece e interpreta críticamente a situación das mulleres e dos escravos en Roma		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamiento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.

## Contidos

- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.
- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e na Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.
- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininas na historia. A resistencia á opresión.
- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.
- As raíces clásicas da cultura occidental. A construcción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.
- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.
- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.
- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.

UD	Título da UD	Duración
11	Os pobos bárbaros	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos a que se enfrentou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Identifica as causas do desmoreamento do Imperio Romano	PE	60
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Identifica as pegadas do Reino Suevo		

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamiento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora unha liña temporal	TI	40
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Responde preguntas sobre fontes históricas directas		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Analiza criticamente o concepto de bárbaro		

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamiento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.</li> <li>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e na Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.</li> <li>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininas na historia. A resistencia á opresión.</li> <li>- As raíces clásicas da cultura occidental. A construcción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.</li> <li>- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
12	As expresións artísticas na Antigüidade	8

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamiento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É quen de identificar as características básicas de obras clave propostas	PE	60
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Analiza a relación entre arte e civilización	TI	40
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Recoñece o valor patrimonial da arte conservada e a importancia da súa conservación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamiento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e na Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.</li> <li>- As raíces clásicas da cultura occidental. A construcción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.</li> <li>- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.</li> <li>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respeto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia que permitan o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias poden xirar sobre as seguintes propostas.

Trátase de que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplio permitindo relationalos entre si e detectar as repercuśóns que estes tiveron no seu momento e áinda teñen no presente.

A organización dos saberes de xeografía e historia, a súa programación e secuenciación poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudio comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial para poder traballalos dun xeito operativo, práctico e comprensible.

O papel estrutural dos procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de

diferentes áreas de coñecemento, confire a esta materia un papel central á hora de establecer estratexias interdisciplinares como o traballo por proxectos incluso ao longo dos catro cursos da etapa, isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.

O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.

O desenvolvemento das competencias son o eixe vertebrador da didáctica docente, por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. Unha vantage da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, se for o caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...).

Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interactuación entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas.... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuizo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudiantes.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as habilidades, destrezas e intereses.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

<b>Denominación</b>
Libro dixital
Apuntamentos e fichas do docente
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Aula Virtual do Centro
Novelas históricas, novelas gráficas, comics
Prensa

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro dixital é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Ademais do libro de texto empregarase material complementario, incluso elaborado polo docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula. Así mesmo, o docente pode dispor do seu propio blog didáctico a través do cal pode facer propostas de traballo (visualizar vídeos, realizar actividades interactivas...) que enriquezan a didáctica.

O alumnado requerirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas availables, e comunicarse co alumnado.

As novelas históricas adoitan ser atractivas para recrear feitos históricos e poden lerse na súa totalidade ou algúns capítulos destacables.

Pode dispoñerse de Xogos de mesa de feitos históricos para ser empregados nalgúnha ocasión.

En definitiva, deben empregararse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.

Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do uso responsable.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos histórico- xeográficos; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais.

Así mesmo é preciso unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización comentada de pequenos audiovisuais, pescudas....

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudiantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantexarllles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

<b>Unidade didáctica</b>	<b>UD 1</b>	<b>UD 2</b>	<b>UD 3</b>	<b>UD 4</b>	<b>UD 5</b>	<b>UD 6</b>	<b>UD 7</b>	<b>UD 8</b>	<b>UD 9</b>	<b>UD 10</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	70	60	60	60	60	60	60	60	60	60
<b>Táboa de indicadores</b>	30	40	40	40	40	40	40	40	40	40

<b>Unidade didáctica</b>	<b>UD 11</b>	<b>UD 12</b>	<b>Total</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	60	60	<b>60</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	<b>40</b>

#### Criterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 70% e o das táboas de indicadores un 30%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósters; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaránse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar. Para as rúbricas establecéñense os seguintes parámetros: excelente 10; notable 7; suficiente 5; deficiente 3, insuficiente 1; valores cos que logo se extrae a media.

Dentro deste apartado destacará un traballo grupal que contará un 10% da nota final da avaliación. O 20% restante corresponderá coas actividades realizadas na aula e o caderno do alumnado.

A nota da avaliación será o resultado de:

$$\text{Nota avaliacón} = [ (\text{Media Ex.} \times 70) + (\text{Media rúbricas T.I.} \times 30) ] / 100.$$

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

$$\text{Nota final} = [(\text{Nota 1ª aval.} \times 35) + (\text{Nota 2ª aval.} \times 35) + (\text{Nota 3ª aval.} \times 30)] / 100.$$

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos

contidos das tres evaluacións. Consistirá nun exame final no que se examinarán todos os criterios de evaluación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as evaluacións.

Durante a última semana de curso, o alumnado que tivese sacado a máxima puntuación realizará traballos de ampliación.

Pola súa parte o alumnado aprobado poderá subir ata un punto da nota final que sacará na media das tres evaluacións, para iso realizará unha proba escrita sobre partes específicas da materia. Se o alumnado saca entre un 6 e un 8 nesa proba sumaráselle 0,5 na nota media final. De sacar máis dun 8 sumaráselle un punto na nota media final. Dito exame será voluntario.

No caso do alumnado con nota media final suspensa este realizará unha proba escrita sobre contidos mínimos. Da nota de dita proba sairá a súa nota final.

#### Criterios de recuperación:

Co alumnado que non aprobe as evaluacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá nunha serie de actividades de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas polo docente e que foron previamente traballadas polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). No caso de que non se recupere a evaluación, o alumnado poderá someterse a outra recuperación cando o docente o considere pertinente consistente na realización dun exame escrito puntuado nunha escala de 1 a 10 e sobre as preguntas mandadas realizar polo/a profesor/a no inicio do plan de recuperación, non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe entregalo de novo.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e evaluación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. Ademais disto vai ter que realizar exames escritos sobre as preguntas que se lle proporcionaron xunto co cartafol.

O alumno/a será titorizado regularmente, o que permitirá fazer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúvidas que se lle presenten.

A entrega do cartafol de traballo e a realización do exame será por trimestre.

En virtude de todo isto a cualificación suporá:

50% da nota acadada no exame escrito sobre as preguntas que se lle entregaron e que previamente tivo que preparar.

50% da nota acadada polo traballo realizado cuxa cualificación está determinada polas rúbricas específicas, resultando a media de todas elas.

Polo tanto a nota é o resultado de:

Nota trimestral da materia pendente= (Nota Ex. + Nota Traballo) /2.

No caso de que o/a alumno/a non aprobase o exame realizaríaselle, cando se indicase, unha recuperación consistente nunha proba escrita en base ás preguntas preparadas e puntuada nunha escala de 1 a 10 non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe corrixilo e entregalo de novo.

Para a nota final de curso sería o resultado de:

Nota final de curso: (Nota 1<sup>a</sup> Av. + Nota 2<sup>a</sup> Av.+ Nota 3<sup>a</sup> Av.) / 3.

No tocante á atención á diversidade, segundo o artigo 51º da Orde do 8 setembro 2021, establecécese un plan de reforzo que será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un

plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte dos estudiantes receptores.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerlo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotívase máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionáranselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez más complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

Plantexaranse medidas de reforzo tanto para o alumnado avantaxado como para o que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual...) de forma que o docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acade un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar pode ser unha adaptación do libro de texto seleccionando contidos e tarefas ou un caderno de traballo cos contidos adaptados elaborado polo docente co asesoramento do Departamento de Orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social			X					
ET.2 - Educación ambiental	X	X	X	X	X			
ET.3 - Educación para a igualdade						X	X	X
ET.4 - Emprendemento					X			
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita							X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X	X	X	X			
ET.7 - Educación para a paz						X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	X	X			

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social				
ET.2 - Educación ambiental				

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento				
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible				
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor				

**Observacións:**

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	complementaria		X	
Asistencia a charlas	complementaria	X	X	X
Excursións de interese didáctico	complementaria			X
Roteiros didácticos	complementaria		X	X
Asistencia a representacóns teatrais	complementaria	X	X	

**Observacións:**

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propónense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

### **8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro**

#### **Indicadores de logro**

Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Avalía e xulga enfunción dos criterios da programación

Aplica criterios de avaliação coñecidos e claros

Cumpriu co horario de clase

Valoración xeral da materia

Os obxectivos didácticos están ben formulados

A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada

Os criterios de avaliação e cualificación foron claros

A temporalización foi adecuada

Os criterios de cualificación foron axustados

Metodoloxía empregada
Demostra coñecemento da materia
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
É innovador/a
Revisa a realización das tarefas propostas
Sabe dirixir as clases
Os contidos e activiades relacionáronse cos intereses do alumnado
Realizouse a avaliación inicial
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Planifica leccións, ensina e avalía
Emprega variedade de recursos
Medidas de atención á diversidade
Ofrece oportunidades de recuperación
Resolve dúbidas
Valora o esforzo
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe
Motiva ao alumnado
As actividades foron variadas e motivadoras

**Descripción:**

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntuabilidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispone dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

## 9. Outros apartados

### 1. Copias en controis, exames ou traballos

No caso de que un alumno/a sexa sorprendido/a copiando en calquera proba escrita ou actividade aplicarase o seguinte protocolo:

- Paralización da proba para o alumno/a en cuestión.
- Levará a nota de 0 na devandita proba/actividade.
- Comunicarase a sanción a xefatura de estudos e aos titores legais do menor.
- Repetirase a proba/actividade nun tempo apropiado.